

Informe sobre o risco de pobreza e/ou exclusión social en Galicia



FAGAL

FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
- Gráfico 1. Evolución estatal da pobreza e a exclusión social, 2004-2014.....	3
- Táboa 1. Poboación AROPE por ano, España 2004-2014.....	4
- Gráfico 2. AROPE por sexo, España 2009-2014.....	4
- Gráfico 3. AROPE en maiores de 65 anos por sexo, España 2012-2014.	5
- Gráfico 4. AROPE por idades, España 2009-2014.	5
- Gráfico 5. AROPE por comunidades autónomas, 2014.....	6
- Gráfico 6. AROPE para Galicia e nacional, 2009-2014.	6
- Gráfico 7. AROPE para Galicia segundo sexo.	7
- Gráfico 8. AROPE para Galicia segundo idade.....	7
- Gráfico 9. AROPE para Galicia en maiores de 64 anos.....	8
- Gráfico 10. AROPE para Galicia segundo a tipoloxía do fogar.	8
- Gráfico 11. AROPE por provincias de Galicia.....	9
- Gráfico 12. Distribución da renda S80/S20 Galicia e provincias 2014.	9
- Gráfico 13. Índice de Gini Galicia e provincias, 2011-2014.....	10
2. CONCLUSIÓNS.....	11
3. GLOSARIO DE TERMOS	12


1. INTRODUCCIÓN

No seguinte informe realizarase un seguimento do indicador de risco de pobreza e exclusión social (AROPE) en España e en Galicia. Os datos que a continuación se mostran están extraídos, na súa maioría do V informe realizado por EAPN (Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social) e da “Enquisa estrutural a fogares” realizada polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

Como introdución, débese aclarar que o indicador de risco de pobreza e exclusión social (AROPE) e a taxa de pobreza son indicadores diferentes, pois miden cousas distintas; o primeiro mide a pobreza e exclusión no seu conxunto (poboación baixo o limiar de pobreza, poboación con privación material severa e poboación con baixa intensidade de traballo por fogar) e o segundo só a poboación por debaixo do limiar de pobreza en relación coa poboación total.

Neste documento presentarase a información diferenciada por comunidades autónomas, provincias galegas, sexos, rangos de idade, tipoloxía do fogar. Por último, engádesse tamén un apartado onde se reflicte a desigualdade nos ingresos entre a poboación máis rica e a poboación máis pobre.

- **Gráfico 1. Evolución estatal da pobreza e a exclusión social, 2004-2014.**



Elaboración propia a partir do Informe “El Estado de la Pobreza” EAPN, 2014.

O índice AROPE para España, alcanza no 2.014, o 29,2% do total de poboación, o que supón un total de 13.657.232 persoas en risco de pobreza e/ou exclusión. Neste último ano, a evolución do indicador foi moi significativa, pois aumentou 1,9 puntos porcentuais, que se traduce en 790.801 novas persoas. Desde o ano 2009, o indicador subiu 4,5 puntos porcentuais, o que en termos absolutos, significa un total de 2.111.017 novas persoas que pasaron a estar en situación de pobreza e/ou exclusión social.


- Táboa 1. Poboación AROPE por ano, España 2004-2014.

Ano	Poboación total	Poboación AROPE	%
2004	43.197.684	10.799.421	25,0
2005	44.108.530	10.718.373	24,3
2006	44.708.964	10.730.151	24,0
2007	45.200.737	10.531.772	23,3
2008	46.157.822	11.308.666	24,5
2009	46.745.807	11.546.214	24,7
2010	47.021.031	12.272.489	26,1
2011	47.190.493	12.599.862	26,7
2012	47.265.321	12.856.167	27,2
2013	47.129.783	12.866.431	27,3
2014	46.771.341	13.657.232	29,2

Elaboración propia a partir do Informe "El Estado de la Pobreza" EAPN, 2014.

Segundo o gráfico e a táboa anterior, pode verse un descenso lento e continuado da taxa AROPE hasta pouco antes do comezo da crise, e despois do 2007, un acelerado crecemento posterior. Este indicador creceu en 2014 un 1,9 puntos porcentuais hasta chegar ó 29,2% o que supón por unha parte a subida máis alta desde o comezo da crise e, por outra, a porcentaxe de persoas en situación de pobreza e exclusión social máis elevado desde que se calcula o indicador.


- Gráfico 2. AROPE por sexo, España 2009-2014.



Elaboración propia a partir do Informe "El Estado de la Pobreza" EAPN, 2014.

O crecemento continuo do indicador AROPE que se viña producindo desde 2009 para ambos sexos, no 2011 cambia de sentido para as mulleres e pasa a ser descendente, o que provoca que a partir dese ano, a situación se modifique e sexa a porcentaxe de homes en situación de pobreza e/ou exclusión social superior ás mulleres. Entre os anos 2013 e 2014 as mulleres aumentan de maneira moi significativa as súas porcentaxes, pasando de 26,7% a 28,9%, situándose no último ano a só 0,5 puntos porcentuais por detrás dos homes (29,4%).


- Gráfico 3. AROPE en maiores de 65 anos por sexo, España 2012-2014.



Elaboración propia a partir do Informe "El Estado de la Pobreza" EAPN, 2014.

No gráfico anterior mostrase a gran redución do indicador de pobreza e/ou exclusión social entre os maiores de 65 anos. Aínda que este indicador diminúe para ambos sexos, non o fai da mesma forma, pois mentres que no 2014 existía so un 11% de homes maiores de 65 anos en risco de pobreza e/ou exclusión social, a porcentaxe de mulleres maiores de 65 anos, era de 3 puntos porcentuais maior, alcanzando o 14%.


- Gráfico 4. AROPE por idades, España 2009-2014.



Elaboración propia a partir do Informe "El Estado de la Pobreza" EAPN, 2014.

No gráfico anterior mostrase a evolución do indicador AROPE por idade da poboación. Si, como se comentou anteriormente, o indicador para o conxunto da poboación aumentou en 4,5 puntos porcentuais, neste gráfico pode comprobarse a diferenza que o risco de pobreza e/ou exclusión social afecta ós diferentes tramos de idade. Por unha parte, para os maiores de 65 anos, o AROPE reduciuse no mesmo período á metade (desde o 25% ó 13%) e por outro lado, para grupo de adultos mozos (persoas de entre 16 e 29 anos), este indicador aumentou en case 11 puntos porcentuais, alcanzando o 36,4%. Un dato a destacar é o elevado porcentaxe que mostra, para todos os anos, o grupo de poboación infantil (menores de 16 anos) pois esta aumenta no 2014 catro puntos porcentuais en relación ó 2009, situándose un 35,4% da poboación.


- Gráfico 5. AROPE por comunidades autónomas, 2014.



Elaboración propia a partir do Informe "El Estado de la Pobreza" EAPN, 2014.

No gráfico anterior pódese comprobar a gran desigualdade territorial española, xa que no 2014 rexístrase unha taxa de pobreza e/ou exclusión social de máis de 30 puntos porcentuais entre algunhas rexións. En xeral, o norte mantén unhas taxas menores de pobreza e/ou exclusión social, en todos os casos, por debaixo da media nacional, e o sur, maiores. Deste xeito, Galicia mostra unha taxa de pobreza e/ou exclusión social do 23%, 6 puntos porcentuais menor que a media nacional (29,20%).


- Gráfico 6. AROPE para Galicia e nacional, 2009-2014.



Elaboración propia a partir do Informe "El Estado de la Pobreza" EAPN, 2014.

Para o ano 2014, o 23,8% da poboación de Galicia, está en risco de pobreza e/ou exclusión social. No último ano, esta taxa reduciuse en 0,5 puntos porcentuais, elevando, en termos absolutos, a un total de 654.000 persoas en risco de pobreza e/ou exclusión social. A porcentaxe para Galicia é 5,4 puntos porcentuais inferior á nacional (29,20%).


- Gráfico 7. AROPE para Galicia segundo sexo.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE "Enquisa estrutural a fogares", 2014.

Segundo o indicador AROPE por sexos para Galicia, podemos comprobar que seguen unha liña similar. No ano 2011 ambos xéneros mostraban o seu mellor dato, sendo superior a taxa de risco e/ou exclusión social para as mulleres que para os homes (22,16% e 21,94% respectivamente). No ano 2012 esta cifra dispárase para ambos sexos, alcanzando o seu máximo valor (23,76% no caso das mulleres e 23,39% no caso dos homes). Posteriormente, esta cifra foi diminuindo progresivamente, véndose revertidos os datos xa para o ano 2013. Para o último ano estudado, as mulleres xa contan cunha porcentaxe menor que os homes de risco de pobreza e/ou exclusión social (21,98% e 22,24% respectivamente).


- Gráfico 8. AROPE para Galicia segundo idade.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE "Enquisa estrutural a fogares", 2014.

Segundo a idade da poboación galega, os datos do indicador AROPE foron aumentando progresivamente co paso dos anos en todos os grupos de idade, a excepción da poboación maior de 64 anos. A posición que ocupa cada grupo no ano 2014, segue igual que no ano 2011, onde a poboación entre 16 e 24 anos era a máis afectada, alcanzando para este último ano o 31,29% da poboación. Moi seguido deste grupo, están as persoas entre 50 e 64 anos, pois o 28,42% atópanse en risco de pobreza e/ou exclusión social segundo o indicador AROPE. A poboación maior de 64 anos, pola contra, veu reducida a súa cifra en 5 puntos porcentuais, pasando dun 16,15% no ano 2011 a un 11,58% no 2014.


- Gráfico 9. AROPE para Galicia en maiores de 64 anos.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE "Enquisa estrutural a fogares", 2014.

Como comprobamos no gráfico anterior, a poboación maior de 64 anos, veu reducida a súa porcentaxe de persoas en risco de pobreza e/ou exclusión social a medida que avanza os anos. Aínda que a nivel xeral a poboación feminina en risco de pobreza e/ou exclusión social para o ano 2014 é inferior á masculina, non sucede así na poboación de 65 ou máis anos, pois a porcentaxe de homes é de máis de 2 puntos porcentuais inferior á de mulleres (10,37% e 12,49% respectivamente).


- Gráfico 10. AROPE para Galicia segundo a tipoloxía do fogar.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE "Enquisa estrutural a fogares", 2014.

Para todos os anos estudados, a tipoloxía de fogar máis afectada con diferenza, é o fogar monoparental, roldando o 40%. Tantos os fogares unipersoais como as parellas con fillos viron reducidas a súas taxas de risco e/ou exclusión social entre os anos 2011 e 2014 (en 5 puntos porcentuais os fogares unipersoais e en 2 puntos porcentuais as parellas sen fillos). Do mesmo xeito, os fogares de varios núcleos, que permaneceron case estables hasta 2013, diminuíron as súas cifras entre o 2013 e o 2014 en máis de 5 puntos porcentuais. Pola contra, os fogares compostos por un núcleo e outros incrementaron a súa porcentaxe, en 5 puntos porcentuais entre o 2011 e o 2014, pasando de 17,71% ó 22,22%.


- Gráfico 11. AROPE por provincias de Galicia.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE "Enquisa estrutural a fogares", 2014.

A provincia de Pontevedra, é para todos os anos, a provincia galega cunha taxa de pobreza e/ou exclusión social maior, alcanzando no 2014 o 25,48%, dato que descendeu máis dun punto porcentual desde o ano 2012, ano onde se alcanza a súa maior cifra (26,86%). Pola contra, Lugo é a provincia galega cuns datos referentes ó risco de pobreza e/ou exclusión social menores, acadando no 2014 un 19,15%, 6 puntos porcentuais menos que a provincia de Pontevedra. Tanto a provincia de A Coruña como a provincia de Ourense reduciron os seus datos con respecto o ano anterior, en 3 e 1 punto porcentual respectivamente. As provincias de Lugo e Pontevedra, incrementaron estes datos no último ano en 1 e 0,38 puntos porcentuais respectivamente.


- Gráfico 12. Distribución da renda S80/S20 Galicia e provincias 2014.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE "Enquisa estrutural a fogares", 2014.

O indicador "Distribución da renda S80/S20" compara a renda media per cápita do 20% das persoas máis ricas coa renda media per cápita do 20% das persoas máis pobres. Así para Galicia no ano 2014, esta era de 4,45, é dicir a renda media per cápita do 20% máis ricos da sociedade multiplicaba por 4,45 a renda media per cápita do 20% máis pobres da sociedade. Para o 2014, esta cifra só é superada pola provincia de Pontevedra onde estes datos experimentan un progresivo incremento co paso dos anos. A provincia de Lugo tamén mostra uns datos en aumento significativos pois a diferenza entre a renda per cápita do 20% das persoas máis ricas y o 20% das persoas máis pobres pasa de multiplicarse en 3,95 veces a facelo en 4,23. A provincia de A Coruña é a única provincia galega que reduce os seus datos entre o 2013 e o 2014 pasando de multiplicar un 4,64 a un 4,34.

- Gráfico 13. Índice de Gini Galicia e provincias, 2011-2014.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE "Enquisa estrutural a fogares", 2014.

O índice de Gini, o igual que o anterior indicador, utilízase para medir as desigualdades nos ingresos dentro dun ámbito xeográfico. O coeficiente de Gini é un número entre 0 e 1, onde 0 correspóndese coa perfecta igualdade (todos teñen os mesmos ingresos) e onde 1 correspóndese coa perfecta desigualdade (unha persoa ten todos os ingresos e os demais ningún). En concordancia co anterior gráfico, podemos comprobar que a provincia de Pontevedra é a que máis desigualdade experimenta a medida que avanza os anos. Na provincia de Lugo aumenta considerablemente esta desigualdade entre os anos 2013 e 2014. Pola contra a provincia de A Coruña é a única que as desigualdades nos ingresos dos máis ricos e os máis pobres se reducen.

2. CONCLUSIÓNS

- O indicador que mide o risco de pobreza e exclusión social (AROPE) para España foi en aumento a partir do ano 2.007 (inicio da crise económica), chegando a alcanzar no ano 2.014 un total de 13.657.232 persoas en risco de pobreza e/ou exclusión social, véndose afectado un 29,20% da poboación total española.
- Galicia sitúase, entre todas as comunidades españolas, no oitavo lugar cun índice AROPE menor, sendo este dun 23,80% (6 puntos porcentuais menor que a media española) afectando a mais de 650.000 persoas. Os extremos desta lista están ocupados por Navarra (cun 14,50%) e Ceuta (cun 47,90%). En termos xerais pódese afirmar que o norte conta cunhas taxas de risco de pobreza e exclusión social menores que o sur.
- A taxa de risco de pobreza e/ou exclusión social en Galicia, mantense estable, e mesmo diminúe nos últimos anos, pasando dun 24,6% no ano 2009 a un 23,8% no ano 2014. Pola contra, os valores medios de España aumentan, pasando dun 24,7% no 2.009 a un 29,20% no 2014.
- Aínda que a principios da crise, tanto para a media española como para Galicia os valores de risco de pobreza e/ou exclusión social eran superiores en mulleres, para o ano 2014 son maiores en homes.
- En cuestión de idade, para a media española son os menores de 29 anos os que contan cun maior risco de pobreza e exclusión social. Para Galicia, son as persoas entre 16 e 24 anos, moi seguidas das persoas de entre 50 e 64 anos as que teñen un maior risco.
- Tanto para Galicia como para a media de España os maiores de 64 anos son os que menor risco de pobreza e/ou exclusión social teñen, producíndose un descenso dos valores AROPE co paso dos anos.
- Segundo a tipoloxía da familia, son os fogares monoparentais, os que máis risco de pobreza e/ou exclusión social presentan, seguidas dos fogares unipersoais e sen núcleo. Pola contra, os fogares compostos por parellas sen fillos presentan uns niveis de risco de pobreza e/ou exclusión social menores.
- Para todos os anos estudados, mentres que Pontevedra é a provincia galega con maiores valores no AROPE, Lugo é a que presenta uns valores menores.

3. GLOSARIO DE TERMOS

- **AROPE:** indicador que mide o risco de pobreza e exclusión (At Risk Of Poverty and/or Exclusion), proposto pola Unión Europea. Fai referencia á porcentaxe de poboación que se atopa en risco de pobreza e/ou exclusión social. O indicador combina elementos de renda, posibilidades de consumo e emprego. É dicir, combínanse medidos en porcentaxes sobre o total de poboación os seguintes factores:
 - Poboación baixo o limiar da pobreza: considérase en risco de pobreza as persoas que viven en fogares cunha renda inferior ó 60% da mediana da renda nacional equivalente en unidades de consumo¹. Para o ano 2014, a mediana de renda equivalente é de 13.268,8€, polo cal, o limiar de pobreza fíxese en 7.961,3€, é dicir, 663,4€ mensuais. Todas as persoas que viven en fogares cunha renda por unidade de consumo inferior a esa cifra, considéranse pobres.
 - Poboación con privación material severa (PMS): agrupa a persoas que viven en fogares nos que non poden permitirse catro de nove conceptos ou ítems de consumo básico definidos a nivel europeo:
 - Pagar hipoteca, aluguer ou letras.
 - Manter a vivenda a temperatura adecuada en inverno.
 - Permitirse unhas vacacións de, polo menos, unha semana ó ano.
 - Permitirse unha comida de carne, polo ou pescado, cada dous días.
 - Capacidade para afrontar gastos imprevistos.
 - Dispoñer de teléfono.
 - Dispoñer de televisión en color.
 - Dispoñer de lavadora.
 - Dispoñer de coche.
 - Poboación con baixa intensidade de traballo por fogar (BITH): a baixa intensidade de traballo por fogar defínese como a relación entre o número de meses traballados por todos os membros do fogar e o número total de meses que, en teoría, poderían traballar todos os membros en idade de traballar². O indicador comprende ás persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares cunha intensidade de emprego inferior ó 0,2³.

¹ Utilízase a escala de equivalencia da OCDE modificada, que valora á primeira persoa do fogar como 1 unidade de consumo, ós restantes adultos con 0,5 unidades de consumo cada un e ós menores con 0,3 unidades de consumo cada un. Por exemplo, un fogar con dous adultos e dous nenos ten $1+0,5+0,3+0,3= 2,1$ unidades de consumo equivalente.

² Unha persoa en idade de traballar defínese como unha persoa de entre 18 e 59 anos que non sexa estudante de entre 18 e 24. Os fogares compostos só por nenos, estudantes menores de 25 anos e/ou persoas de 60 anos ou máis están excluídos do cálculo do indicador.

³ Por exemplo, nun fogar con dous adultos, si só traballa un a xornada completa, a intensidade de traballo é de 0,5; si traballan os dous en xornada completa, a intensidade de traballo é de 1 y si un dos adultos traballa a media xornada e outro a xornada completa, a intensidade de traballo é de 0,75.

O indicador AROPE, define de maneira agrupada, entónces, ás persoas que cumpren un ou máis dos tres criterios mencionados, é dicir, ós individuos que compoñen aqueles fogares cuxos ingresos totais están baixo o limiar da pobreza e/ou sofren privación material severa e/ou teñen baixa intensidade de traballo. Finalmente, o indicador AROPE exprésase en porcentaxe sobre o total da poboación.

O indicador AROPE e a Taxa de pobreza son indicadores diferentes, pois miden cousas diferentes; o primeiro mide pobreza e exclusión no seu conxunto e o segundo só pobreza. Esta definición implica que as persoas que están en situación de pobreza tamén están contabilizadas no indicador AROPE, pero é posible que persoas incluídas neste último non sexan pobres.

- **Distribución da renda S80/S20:** cociente do total de ingresos recibidos polo 20% da poboación con maiores ingresos entre o total de ingresos recibidos polo 20% da poboación con menores ingresos.
- **Índice de Gini:** é unha medida que se utiliza para medir a desigualdade nos ingresos dentro dun ámbito xeográfico. O coeficiente de Gini é un número entre 0 e 1, onde 0 correspóndese coa perfecta igualdade (todos teñen os mesmos ingresos) e onde 1 correspóndese coa perfecta desigualdade (unha persoa ten todos os ingresos e os demais ningún).
- **Núcleo familiar:** unidade xerárquica intermedia entre o habitante e a familia. Pode ser de catro tipos:
 - Parella sen fillos
 - Parella con un ou máis fillos
 - Pai/ nai con un ou máis fillos (monoparental)